





1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: Carballo. Parroquia: San Salvador de Rebordelos, na parte centro leste e leste; Santa María de Noicela, na parte centro oeste; e San Cristovo de Lema, no extremo oeste. Extensión: 1,79 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa mixta baixa, con acantilados baixos e praias de area e coiros ao pé, moitas veces en posición intermareal. Cómpre salientar tamén, baixo as paredes inclinadas dos cantís, unha plataforma rochosa bastante irregular. As vertentes, de perfil sinxelo, son diferentes se estamos na parte oriental ou na occidental da unidade. A oriental, en Leira, constitúe unha ampla cunca sen degradación fluvial diferencial, de pouca inclinación e ascenso regular. É a zona de Leira, que debuxa así un perfil cóncavo. Non obstante, as partes central e occidental da unidade presentan un perfil convexo, con vertentes de maior pendente inicial que se suavizan cara aos cumios. Estas elevacións van descendendo gradualmente de leste a oeste, de 225 m en Leira a 150 m no sector central e só 75 m na parte occidental. Un descenso, pois, moi regular.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aparecen migmatita e granito cataclástico de dúas micas, ambos os dous hercinianos. A primeira atravesa a unidade (NE -SO) con dúas bandas, unha ao SE e outra ao NO. Na metade norte, estreitas bandas de gneises alcalinos precámbricos intercálanse no granito.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Subhúmido na franxa costeira: temperatura media anual maior de 14° C e amplitude térmica arredor de 13° C. As precipitacións medias non superan os 1200 mm ao ano. Non obstante, arredor do Monte do Castro prodúcese un lixeiro incremento das precipitacións, que se sitúan entre 1200 mm e 1400 mm ao ano, o que define un ambiente Cálido e Húmido.

OS SOLOS

Na metade occidental e o sector máis costeiro da oriental aparecen os pouco correntes cambisoles eútricos. O interior da parte oriental, a vertente das elevacións de Leira contén un umbrisol dístrico-léptico.

AS AUGAS

O Rego das Chanceiras constitúe o principal curso fluvial da unidade, que configura un pequeno val no seu extremo oriental. Polo demais, os tramos acantilados compoñense de valgadas con escaso desenvolvemento continental e de forte pendente. Toda a unidade verte á masa de Augas Costeiras da costa oeste de Caión (20132).

O PATRIMONIO NATURAL

Litoral do IBA Costa da Morte. Unidade acantilada baixa con praias e coiros ao pé que suman os hábitats 1230 de acantilados costeiros atlánticos e 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Algunha cova engade o 8330 de furnas mariñas mergulladas e semimergulladas. Adquiren bastante extensión as breixeiras costeiras do 4030 (secas europeas) e 4040 (secas costeiras atlánticas con Erica vagans), sen existir referencias visuais das húmidas. En Leira, o Rego das Cacheiras presenta unha área hidromorfa anexa que se acompaña dunha masa mixta de frondosas autóctonas e de especies de plantación.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Se analizamos os usos do solo partindo da costa cara ao interior, observamos que na área máis próxima ao litoral predominan as coberturas vexetais ligadas, por unha parte, aos afloramentos rochosos propios do litoral e, por outra banda, á presenza dunha grande formación vexetal costeira formada por especies de matogueira que xorden de xeito natural nos terreos baldíos. Nas partes altas da unidade instálense os bosques de repoboación, constituídos na súa maior parte por piñeiros e eucaliptos, mentres que no sector máis baixo predominan as terras de cultivo. Por este espazo de topografía máis plana transita o Rego das Chairas, favorecendo as tarefas agrícolas e abastecendo de auga ao principal núcleo da unidade, a aldea de Leira.

MORFOLOXÍA

A morfoloxía da unidade caracterízase por unha distribución irregular dos elementos naturais, que ocupan a maioría do espazo, en contraposición aos espazos derivados da acción do home, que se centran no val do Rego Chaceiras e nas ladeiras do Monte da Mina e Pedra Pequena. A morfoloxía do parcelario responde a unha tipoloxía minifundista na que as pequenas parcelas aparecen rodeadas de sebes naturais que definen os seus límites. Próximas aos campos sitúanse as vivendas, que aparecen agrupadas formando aldeas como a de Leira (considerado núcleo de identidade do litoral) e situadas preto das vías de comunicación.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada comarcal AC-1909 é a principal vía de comunicación da unidade, atravesándoa pola súa parte oriental. Ao redor dela artículanse unha serie de pistas asfaltadas de carácter local que permiten o desprazamento dende o interior cara á costa, onde cabe destacar a presenza dunha estrada sen pavimentar que, proveniente de Caión, percorre todo o litoral.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os elementos históricos de interese localízanse na parroquia de San Salvador de Rebordelos, cuxo núcleo máis destacado é Leira. Alí atopamos elementos arquitectónicos relixiosos de interese, como a pequena capela de San Xoán e o cruceiro de Leira, xunto a exemplos de arquitectura civil como un pombal, un hórreo ou un muíño. Estes últimos elementos indican a grande importancia que o cultivo de millo, trigo e centeo tiveron no lugar, dado que a pesar de que o seu cultivo xa non é representativo, si se manteñen infraestruturas vinculadas ao seu consumo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade mantén as características propias da Galicia rural tipificada na presenza de aldeas apoiadas nunha base económica de carácter agrario. A suavidade do sector do Rego de Chanceiras concentra o parcelario produtivo destinado ao autoconsumo, mentres que as elevacións se cobren de especies destinadas á produción silvícola. Percorrendo a unidade de leste a oeste poderemos observar de primeira man o tránsito entre os diferentes usos do solo e gozar dunha paisaxe natural á beira do atlántico nun ambiente tranquilo, onde aínda hoxe en día non existe unha forte presión turística.

DINÁMICA DA PAISAXE

O abandono rural tradúcese na recolonización vexetal daquelas parcelas antes dedicadas a tarefas agrícolas. Na unidade, o sector actualmente ocupado polas formacións vexetais costeiras é en realidade un tapiz de leguminosas xurdidas a raíz do paulatino abandono destes campos a finais do século pasado. En consecuencia, modifícase a morfoloxía do parcelario desaparecendo os límites (antes definidos polas sebes) e debuxándose un continuo vexetal só interrompido pola presenza dalgunha estrada. As partes altas sofren o mesmo proceso que o litoral (abandono e recolonización), coa salvidade de que nestas áreas se realizan plantacións de piñeiros e eucaliptos para a súa posterior venda. Aparecen algunhas edificacións novas pero, en termos xerais, a morfoloxía urbana permanece inalterada e este feito exemplifícase na aldea de Leira. A rede viaria, pola súa banda, xerarquízase, desaparecendo decenas de pequenos sendeiros baixo a vexetación, o que deriva nunha mellora e ampliación das estradas que aínda se manteñen.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A fronte litoral está moi ben conservada, libre de edificacións e recollida no catálogo da Rede Natura 2000. O fondo escénico, con forma de anfiteatro, destaca pola presenza de vexetación arbórea que enlaza as partes altas co ámbito rural, situado nas marxes do Rego de Chanceiras e que constitúe o sinal de identidade de toda a unidade. Na cabeceira deste curso de auga aparecen pequenos espazos hidromorfos que albergan unha flora e fauna de grande interese ecolóxico. Para a súa contemplación propoñemos dous puntos de observación situados a ambas as marxes da unidade: Monte da Mina e Pedra Pequena.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



